

## Concello de Viveiro

### RESOLUCIÓN

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vistas a Resolución de Alcaldía, de data de 10 de agosto de 2021, sobre a contratación de tres conductores motobomba, que prestarán servizos temporais no Concello de Viveiro ao amparo do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de viveiro para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais 2021, na que se acordou:

*"(...) **PRIMEIRO.-** Citar a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTINEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN** os días 12 e 13 de agosto de 2021 en horario de 8:00 h. A 15:00 h, nas dependencias de Protección Civil en Pénjamo-Viveiro. Para a participación nun curso de formación teórico-práctico sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais cunha duración de 16 horas.*

***SEGUNDO.-** Resolver o proceso selectivo a favor de **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTINEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN**, para ocupar os postos de **CONDUCTOR MOTOBOMBA (a xornada completa)**, con carácter temporal, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.*

***TERCEIRO.-** Proceder á contratación como persoal laboral temporal a **DNA. NAZARET YAÑEZ MARTÍNEZ, D. JULIO CIRUELO GARCÍA e D. JULIO CÉSAR RODRÍGUEZ PIÑÓN** mediante o correspondente contrato de persoal laboral temporal eventual por circunstancias da produción e a xornada completa con data de inicio **12 de agosto de 2021** e data de remate en data **26 de outubro de 2021** vinculado á subvención concedida ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais...*

Vista incidencia na tramitación do proceso selectivo, que impide a realización do curso de formación nas bases establecidas.

### RESOLVE

**Primeiro.-** Cancelar a citación dos tres conductores motobomba, os días 12 e 13 de agosto de 2021 para a participación nun curso de formación teórico-práctico sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais cunha duración de 16 horas.

**Segundo.-** Pospoñer a resolución de contratación dos tres conductores motobomba prevista para o 12 de agosto de 2021.

**Terceiro.-** Publicar, unha vez resoltas as incidencias, a nova data de citación do curso de formación teórico-práctico sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais e a nova data de inicio e finalización da contratación dos tres conductores motobomba.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

